

8 DE MARZO **Día
Internacional
da muller**



Concello de
Lousame

MANIFESTO

Un ano máis no 8 de marzo únense en todo o mundo voces e vontades para conmemorar o Día Internacional das Mulleres.

É un día no que botamos a vista atrás para lembrar as dificultades pasadas e os logros acadados, pero tamén é un día de ilusión e de novos retos para explorar as oportunidades que nos esperan ás mulleres de agora e do futuro.

Os avances na situación das mulleres non teñen sido fáciles, como tampouco vai ser fácil o camiño que queda por andar.

Antes as mulleres non podían acceder á educación, ao voto, ao mercado de traballo.

Agora sacan as mellores notas na universidade, traballan en profesións nas que antes só había homes e participan en tódolos ámbitos da vida; na cultura, no deporte, na política, etc..

Pero non podemos caer no erro de pensar que está todo feito ou que xa non é preciso continuar avanzando.

Os datos do mercado laboral aínda indican que as mulleres non se atopan en igualdade de condicións con respecto aos homes, xa que son as que máis sofren o desemprego ou os traballos temporais.

Algúns dos retos pendentes son; a falta de visibilización do traballo que fan as mulleres, as diferenzas nos salarios, o desigual reparto das tarefas domésticas e das responsabilidades familiares, e a pouca presenza das mulleres nos lugares onde se toman as decisións.

No Concello de Lousame cremos que é necesario continuar realizando a nosa labor de sensibilización para promover a Igualdade, e seguir traballando para ofertar recursos como o Punto de Atención á Infancia, o Centro de Día ou o Servizo Lousame Concilia que lles faciliten ás familias de Lousame a conciliación da súas vidas laborais co tempo familiar e persoal.



Queremos e debemos poñer en valor, tanto social como economicamente, a cantidade de horas que as mulleres dedican á xerencia dunha casa e á atención integral das persoas que conforman a familia, todo iso é diñeiro e todo iso é traballo invisible para moitas persoas, ás veces nin o resto da familia nin ata as propias mulleres o valoramos.

Os coidados son moito máis que a casa, as crianzas e as persoas dependentes. Coidados son todos eses traballos invisíbeis que permiten que a vida siga, son todas esas tarefas ás que non lles damos importancia, pero vitais para que o mundo se mova.

É preciso que os homes comecen a ocuparse do ámbito dos coidados. Vemos poucos homes que pasen noites para coidar familiares nos hospitais, que cambien cueiros a persoas maiores, ou que se ocupen e preocupen por coidados cotiáns nos fogares.

Sintámonos responsables de valorar esa cesta de roupa que maxicamente chega aos nosos armarios, ese prato de comida quentiño cada domingo ou a quilometraxe que fan avós e avoas detrás das netas e netos...

O mundo está a cambiar e cada vez máis estas tarefas deben ser compartidas e polo tanto, asumidas por tódolos membros desa familia (crianzas, maiores, mulleres e homes...).

Avánzase aprobando novas leis pero está pendente que as mulleres e a sociedade coñezan os dereitos recollidos nesas leis, para poder reclamalos e usalos.

Todos os modos de discriminación deben ser erradicados, é vital traballar nas escolas mediante a educación en igualdade. Pero tamén nas familias debemos criar e educar ante todo persoas que actúen con tolerancia, ensinándolles a convivir en sociedade.

Queremos que os que hoxe son nenos e nenas, vivan mañá nunha sociedade libre de machismos, na que se respecte a diversidade, e se superen actitudes e comportamentos que están na base da desigualdade existente entre mulleres e homes.

Insistimos na necesidade de avanzar cara a unha sociedade na que mulleres e homes sexan diferentes en tanto que persoas, pero iguais en dereitos e oportunidades, e no Concello de Lousame estamos dispostos e dispostas a poñer o noso empeño en continuar traballando na procura destes obxectivos.

Só desta forma contribuiremos a crear unha sociedade máis igualitaria, máis democrática, máis xusta e máis feliz.

